

SEMINARIO

Avaliación do impacto económico e territorial dos indicativos de calidade no ámbito agroalimentario.
Unha visión internacional



XUNTA DE GALICIA

SEMINARIO

PROGRAMA

venres 9 xuño

- 10:00-10:15 Inauguración do seminario
- 10:15-11:15 Avaliación do impacto dos selos de calidade en produtos agroalimentarios: economía e sustentabilidade.
Profesor Giovanni Belletti (Universidade de Florencia)
- 11:15-12:00 Indicacións xeográficas no Brasil: posibilidades de desenvolvemento territorial.
Profesor Alcides dos Santos Caldas (Universidade Federal de Bahía)
- 12:00-12:30 Pausa-Café
- 12:30-13:15 Factores críticos no proceso de cualificación e implementación de indicacións xeográficas de produtos agroalimentarios e artesanais en Costa Rica.
A experiencia de dez anos.
Profesor Leonardo Granados (Universidad Nacional de Costa Rica)
- 13:15-14:00 A experiencia dos produtos de calidade diferenciada en Galicia.
Ricardo Rivas Barros (Xunta de Galicia)
- 14:00-14:30 Mesa redonda e conclusións.
- 17:00-19:00 Visita ao CR da IXP Ternera Gallega*

sábado 10 xuño

- 11:00-13:00 Visita a produtores e elaboradores da DOP Pemento de Herbón
(SAT A Pementeira - Padrón)*
- 16:00-18:00 Visita a elaboradores de queixo da DOP Arzúa-Ulloa e da DOP Queixo Tetilla
(Lácteos Anzuxao, SL - Lalín)*

* Exclusivamente para poñentes e organización



GIOVANNI BELLETTI

Doutor en Economía e Política Agrícola en 1991 pola Universidade de S. Anna, Pisa - Italia.

Profesor asociado en Economía Agrícola e Agroalimentaria no Departamento de Economía e Xestión da Universidade de Florencia (Italia) desde 2005 e coordinador do máster en Ciencias Económicas de 2008 a 2013.

Desde 2011 membro do Comité Directivo do Grupo Europeo de Investigación sobre LAFS (Localized Agro-Food Systems).

Os principais campos de investigación son: economía e organización do sistema agroalimentario; redes alimentarias alternativas e cadeas de abastecemento curtas; cuestións de calidade no sistema agroalimentario, con especial atención aos produtos de orixe e indicacións xeográficas; dinámicas rurais e políticas de desenvolvemento rural; multifuncionalidade e políticas agro-medioambientais; diversificación agrícola, con especial atención ao turismo rural e ao agroturismo. Desde 1990 participou e coordinou moitos proxectos de investigación nacionais e internacionais sobre diferentes temas relacionados co sector agroalimentario e o desenvolvemento rural. Colaborou a nivel internacional no ámbito da xeografía e os produtos agroalimentarios tradicionais que inclúen traballos para o IPI (Instituto Federal Suízo de Propiedade Intelectual), a ONUDI (Organización das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Industrial) e a FAO (colaboración co Programa Calidade e Orixe).

É autor de más de 100 publicacións científicas, libros, capítulos de libros e artigos de revistas científicas.



ALCIDES DOS SANTOS CALDAS

Graduado en Xeografía (1986), profesor en Arquitectura e Urbanismo (1995) pola Universidade Federal de Bahía e doutor en Xeografía pola Universidade de Santiago de Compostela (2001).

De 2005 a 2010 coordinador do Programa de Posgrao en Desenvolvemento Rexional e Urbano da Universidade Salvador.

Actualmente profesor adxunto III do Departamento de Xeografía do Instituto de Xeociencias e do Programa de Posgrao en Xeografía da Universidade Federal de Bahía; líder do Grupo de Investigación “Território, Propriedade Intelectual e Patrimônio—TERPI” e coordinador do “Núcleo de Estudos e Pesquisas sobre Indicações Geográficas e Marcas Coletivas da Pró-Reitoria de Pesquisa, Criação e Inovação da Universidade Federal de Bahía—NIG/PROPCI”. Tamén é bolseiro de posdoutoramento de “Coordenação de Aperfeiçoamento de Pessoal de Ensino Superior—CAPES”, e está desenvolver investigacións sobre marcas territoriais de desenvolvemento territorial no Centre International de la Recherche pour le Développement - CIRAD, Montpellier, Francia.

Ten experiencia na área de xeografía, na especialidade de Análise e Desenvolvemento Rexional e Urbano, e traballa principalmente nas seguintes áreas: xeografía rexional, xeografía económica, planeamento territorial, propiedade intelectual e patrimonio.



RICARDO RIVAS BARROS

Enxeñeiro agrónomo pola Universidade Politécnica de Madrid. A práctica totalidade da súa carreira profesional está ligada ao servizo da Xunta de Galicia. Tras un breve paso como analista de proxectos de investimento agroindustriais na Dirección Xeral de Promoción e Incentivos Económicos da Consellería de Economía e Facenda (embrión do que logo sería o IGAPE), pasou a desenvolver a súa actividade na Consellería do Medio Rural, primeiro en Lugo, onde colaborou activamente na posta en marcha da denominación de orixe Ribeira Sacra, e logo xa nos servizos centrais, en Santiago de Compostela.

No ano 1998 foi nomeado xefe do Servizo de Fomento da Industrialización Agroalimentaria e dende 1999 é o responsable da subdirección que, con distintas denominacións, se ocupa dos temas relacionados coa industrialización, a comercialización e a política de calidade agroalimentaria.



LEONARDO G. GRANADOS ROJAS

Enxeñeiro agrónomo pola Universidade de Costa Rica (UCR), máster en Xestión do Desenvolvemento Territorial pola Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), Portugal. Doutor en Enxeñería Agroforestal, especialidade Desenvolvemento Rural, pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), España.

Traballou con diferentes institucións públicas do Sector Agroalimentario de Costa Rica, entre elas, co Ministerio de Agricultura e Gandería (MAG), co Consello Nacional de Produción (CNP) e co Instituto Nacional de Investigación e Transferencia Agropecuaria (INTA).

Foi consultor para varios organismos, entre eles, o Instituto Interamericano de Cooperación para a Agricultura (IICA) para o desenvolvemento do regulamento costarricense das indicacións xeográficas e denominacións de orixe. Realizou tamén o estudo técnico do primeiro produto lácteo rexistrado con este distintivo en Centroamérica (a DOP do Queixo Turrialba) e foi consultor en varios países de América Latina para o desenvolvemento de selos de calidade de produtos agroalimentarios.

Desde hai 13 anos traballa como académico e investigador na Escola de Ciencias Agrarias (ECA) da Universidade Nacional de Costa Rica. Actualmente é o coordinador do programa académico e de investigación “CadenAgro, centro de apoio ao desenvolvemento das denominacións de orixe e selos de calidade agroalimentarios e artesanais”, participando e coordinando proxectos de valorización de produtos tradicionais para os cultivos de café, cacao, queixo, *chayote*, mora e frijol en Costa Rica, e do primeiro inventario de produtos agroalimentarios tradicionais de Costa Rica.

Tamén participou en varios eventos e realizou varias publicacións no tema das denominacións de orixe e selos de calidade agroalimentarios e artesanais en revistas nacionais e internacionais.

galicia

9-10 de xuño de 2017 | Santiago de Compostela
Aula 14 da Facultade de Xeografía e Historia da USC
Praza da Universidade, 1 - 15782 Santiago de Compostela

INSCRICIÓNNS

Ata o día 8 de xuño no teléfono: 881 997 276
e no e-mail: ingacal@xunta.gal
indicando nome e apelidos, institución,
número de teléfono e e-mail

COLABORAN

histagra
Grupo de
Historia Agraria
e Rural
do Mundo Rural
USC



AGRUPACION ESTRATEGICA
BIOECONOMIA
EMPRENDIMIENTO
E TERRITORIO
BETA+



ANTE
Analise Territorial
GI - 1871

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ORGANIZAN



**XUNTA
DE GALICIA**



INGACAL
INSTITUTO GALEGO
DA CALIDADE ALIMENTARIA